

ORIENTACIÓN PSICOPEDAGÓGICA E EDUCACIÓN PARA A SAÚDE NA EDUCACIÓN INFANTIL

*David Méndez Seco**

RESUMEN DO TRABALLO:

A educación infantil constitúe unha etapa educativa chea de **NECESIDADES**, ás que a escola ten que responder dende distintos ámbitos. A **ORIENTACIÓN PSICOPEDAGÓGICA** ten un papel fundamental nesta etapa en todo o que se refire á formación axeitada e integral da personalidade dos alumnos/as. A **EDUCACIÓN PARA A SAÚDE** pode axudar dun xeito moi importante nesa acción orientadora, a través de **PROGRAMAS DE PREVENCIÓN E DESENVOLVEMENTO** que, centrados na Educación Infantil, tenten responder ás necesidades que os nenos e nenas desta etapa presentan.

1. A EDUCACIÓN INFANTIL: UNHA ETAPA CHEA DE NECESIDADES.

A educación infantil constitúe un tramo educativo no que os nenos/as atópanse nunha etapa que require do aporte de multitude de elementos educativos que tenten encher as carencias que os alumnos/as presentan ó chegar á escola. Estas necesidades poden ser cubertas dende distintos ámbitos e con diferentes procedementos, pero en tódolos casos a educación infantil presentase como a etapa na que os nenos/as, ó enfrontarse por primeira vez á escola, necesitan dunha axuda suplementaria que tente aliviar o cambio brutal que supón o paso dun medio coñecido, o familiar, a un medio descoñecido, o escolar. Neste medio escolar, ademáis, o neno/a atópase con outros compañeiros/as e outros adultos que non coñece e que nun principio son alleos ós seus intereses e motivacións.

Neste complicado panorama que supón a entrada na escola dun alumno/a de educación infantil, os aportes que se poidan producir dende calquera ámbito, coa intención de aliviar os problemas iniciais que afronta o neno/a ó chegar a unha escola, son moi benvidos.

Entre estes aportes, a orientación, e en concreto a orientación persoal, constitúe un elemento moi importante de axuda neste ámbito. A posibilidade que nos da a orientación de axudar ó neno de Educación Infantil no seu aspecto de desenvolvemento persoal e social, non debe ser despreciado e máis ben ó contrario ser tido moi en conta á hora de desenvolver a formación integral dos alumnos/as de Educación Infantil.

2. NECESIDADE DA ORIENTACIÓN NA EDUCACIÓN INFANTIL.

Un dos obxectivos primordiais da acción educativa é a formación integral da personalidade do alumno. Esta personalidade comenza formándose na familia e a escola debe continuar ese proceso de formación.

Dende este punto de vista, os aportes que a escola ofrece á formación do neno/a deben ser o máis completos posibles para chegar a completar esa educación integral que propoñemos. Entre eles cabe destacar, pola súa importancia, a da acción orientadora.

A orientación psicopedagóxica constitúe un elemento fundamental no desenvolvemento da personalidade do alumno/a, xa que, sendo un proceso de axuda continuo, posúe unha finalidade de prevención e desenvolvemento. Esta labor orientadora debe articularse mediante programas de intervención educativa e social que poñan en práctica aquelas formulacións teóricas que propoñemos. O proceso de orientación psicopedagóxica implica a tódolos educadores e debe chegar a tódolos alumnos/as en tódolos seus aspectos durante o ciclo vital. A pesar de que o motivo do presente traballo é abordar o tema da orientación psicopedagóxica na Educación Infantil, non por eso deixamos de reclamar que este proceso é necesario que teña continuación durante todo o ciclo vital.

Centrándonos xa no tema, creemos que a orientación pode aportar á etapa da Educación Infantil importantes axudas, fundamentalmente en tres ámbitos:

- 2.1 ORIENTACIÓN ESCOLAR : no que se refire ó proceso de adaptación á escola
- 2.2 ORIENTACIÓN PRE-PROFESIONAL : en todo o que ten que ver co coñecemento das características básicas dalgunhas profesións e profesionais.
- 2.3 ORIENTACIÓN PERSOAL :no referente á mellora da autonomía e a autoestima.

3. APORTES DA EDUCACIÓN PARA A SAÚDE Ó PROCESO ORIENTADOR.

Dentro do marco presentado anteriormente, entendo que a Educación para a Saúde ten un papel fundamental.

En primeiro lugar no que se refire á orientación pre-profesional, o desenvolvemento de programas de saúde pode incidir moito en todo o referente ó coñecemento básico de profesións e profesionais relacionados coa saúde, a educación vial, os accidentes infantís e o coidado do medio ambiente.

En segundo lugar no relacionado coa orientación persoal, a Educación para a Saúde pode ofrecer elementos importantísimos que axudan ó proceso orientador. A Educación para

a Saúde ten como un dos seus obxectivos máis importantes o de reforza-la autonomía e o auto-concepto como actitudes persoais que lle permitan ó alumno/a levar adiante un proxecto de vida saudable. A consecución deste obxectivo supoñerá un avance moi importante no proceso de acción orientadora, xa que o alumno/a que se coñeza ben a si mesmo, que saiba das súas reais posibilidades e que teña un autoconcepto positivo, facilitará moito a labor do proceso de orientación necesario para o correcto desenvolvemento e formación integral da súa personalidade.

Este marco teórico fai necesario a posta en práctica de programas de prevención e desenvolvemento que fagan realidade as aspiracións plantexadas.

4. PROGRAMAS DE SAÚDE NA EDUCACIÓN INFANTIL PARA A PREVENCIÓN E DESENVOLVEMENTO.

Fundamentalmente, os programas de saúde na Educación Infantil para a prevención e o desenvolvemento, deben cumprir estes catro obxectivos:

1. Conseguir que o conxunto da escola sexa un contorno favorable á saúde.
2. Procurar que o estilo de educar na escola sexa saudable. Os valores e actitudes implícitos no centro son tan importantes como o ensino formal dos contidos regrados.
3. Desenvolve-la Educación para a Saúde como parte esencial da educación para a vida.
4. Aproveita-lo potencial da escola como núcleo de saúde na comunidade na que está inxerida.

Tendo en conta os obxectivos precedentes, a escola debe poñer en práctica programas de saúde que, mediante actividades variadas, integren os hábitos e estilos de vida saudables na vida dos alumnos/as, coa intención de que poidan levar adiante un proxecto de vida saudable. Entre este tipo de programas poderíamos citar os seguintes:

1. Limpeza e hixiene persoal e á hora de alimentarse.
2. Actividades e descanso.
3. Alimentación e nutrición.
4. Accidentes infantís.
5. Medio ambiente.
6. Uso axeitado de xogos e xoguets.
7. Prevención do consumo de alcohol e tabaco.

Este tipo de programas xa os poñemos en práctica algúns educadores/as dentro do desenvolvemento da nosa labor profesional na escola. Nembargantes ,si se nota que esta clase de programas non se atopa moi extendido, polo que sería desexable a súa máis frecuente aplicación, debido a importancia que teñen dentro do ámbito do desenvolvemento axeitado da personalidade dos alumnos/as, que é en definitiva o verdadeiramente importante.

5. BIBLIOGRAFÍA.

BISQUERRA,R.(1992):*Orientación psicopedagógica para la prevención y el desarrollo.* Barcelona.Boixareu Universitaria.

CUADERNOS DE PEDAGOGÍA.(1993):*Educación para la Salud,nº 214.*Barcelona.

REYZABAL,Mª VICTORIA Y SANZ ANA ISABEL.(1995):*Los ejes transversales:aprendizajes para la vida.*Madrid.Escuela Española.

XUNTA DE GALICIA.(1992):*A experiencia de educar para a saúde na escola.*Santiago de Compostela.

6. CHAMADAS

*Profesor de Educación Infantil, Licenciado en CC. da Educación e Coordinador dun Seminario Permanente de Saúde.